

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001367	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A Programación Didáctica para o curso académico 2023-24 rexerá polo Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O centro.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira. O CEIP Plurilingüe de Abanqueiro está ubicado na parroquia de Abanqueiro, concello de Boiro. O centro consta de 9 unidades (3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria). Hai un total de 143 alumnos/as que son atendidos por 17 mestres/as.

A meirande parte das familias vive do sector do marisqueo e da pesca e o seu nivel socio-cultural é medio.

Instalacións e recursos.

O colexio está equipado con 14 aulas (3 de Infantil, 6 de Educación Primaria, aula de PT, aula de AL, aula de música, aula de plástica e aula de inglés). Ademais contamos cunha biblioteca, unha aula de informática con 18 ordenadores conectados a internet, un ximnasio, unha sala de mestres, un comedor e unha sala de reunións.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte... Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización". Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

A aula.

O alumnado para o cal se elabora a presente programación didáctica atópase no primeiro curso de Ed. Primaria. Son un total de 24 alumnos/as (8 nenas e 16 nenos), dous dos cales proceden doutros centros educativos. Hai que destacar que dentro deste alumnado hai 4 nenos con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O meu corpo.	O núcleo motivador da unidade é o propio corpo humano, traballando as principais partes do corpo, os sentidos e as emocións.	20	25	X		
2	Coido o meu corpo.	A unidade céntrase no estudo de hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social.	15	15	X		
3	Os seres vivos.	O punto de partida son os seres vivos que coñecen, diferenciándoos dos seres inertes e as relacións que se establecen no medio entre seres humanos, animais e plantas.	15	10		X	
4	Os animais.	A motivación da unidade parte dos animais. Traballaranse os animais salvaxes e domésticos, vertebrados e invertebrados, así como súas características propias.	20	20		X	
5	As plantas.	O coñecemento das plantas é a parte máis importante desta unidade. Traballaranse as partes principais das plantas, o seu coidado, os tipos de plantas e o ciclo de vida.	20	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As máquinas e os materiais.	Os diferentes tipos de materiais e as máquinas, aparellos e a enerxía que utilizan serán o eixe fundamental da unidade. O alumnado coñecerá a orixe dos diferentes materiais e o seu uso e conservación, así como a utilización adecuada da enerxía. A identificación das partes e o funcionamento das máquinas será outra parte que traballaremos.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O meu corpo.	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo: cabeza, tronco, extremidades e as partes da cara.	PE	60
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un boceto do corpo humano con todas as súas partes.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Recoñecer as emocións e distinguir accións que favorezan ou non á súa adquisición.	TI	40
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación e descrición das partes do corpo humano. - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	Coido o meu corpo.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un produto final sinxelo relacionado cos hábitos de vida saudables.	PE	20
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.	TI	80
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos saudables, valorando a alimentación, a hixiene, o exercicio físico, o descanso e o uso das tecnoloxías de xeito adecuado.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Identificar as emocións propias e as dos demais e distinguir as accións favorables para a súa consecución.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Uso de robótica sinxela para resolver problemas sobre a saúde.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.

Contidos

- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.
- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Os seres vivos.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.	PE	55
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado cos seres vivos.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	45
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Respectar a natureza e levar a cabo accións para a súa conservación.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	Os animais.	20

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos animais.	PE	40
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado cos animais.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	60
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programación a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).

Contidos
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	As plantas.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e as partes das plantas.	PE	50
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	50
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	As máquinas e os materiais.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as propiedades e características dos materiais que forman os obxectos da súa vida cotiá.	PE	30
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coas máquinas e os materiais.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Realizar predicións sobre obxectos e materiais.	TI	70
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar o uso de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar respecto e interese por coidar o noso planeta.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Tipos de materiais segundo a súa orixe.
- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.
- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se vai empregar nesta área ten como obxectivo que o alumnado acade unha aprendizaxe significativa polo que a realización das tarefas a levar a cabo terán un enfoque globalizador, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

Será unha aprendizaxe baseada en proxectos, posto que ao non contar con libro de texto, trataremos de elaborar un pequeno proxecto para cada unidade cun produto final onde se amose todo o traballado.

As estratexias que orientarán o proceso de ensino-aprendizaxe serán:

- Aprendizaxe cooperativa: intentando integrar a todos/as na dinámica xeral da aula a través da súa participación continua.
- Motivadora: tratando de partir dos intereses, demandas e necesidades do alumnado en cada momento.
- Participativa: fomentando os traballos en equipo para acadar o respecto e a colaboración entre todos/as.
- Autónoma: a linguaxe será sinxela e clara na presentación dos contidos. As actividades estarán graduadas na súa dificultade e farase énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe para que os alumnos/as sexan o máis autónomos/as posible.
- Realista: a contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.
- Atenderá a formación en valores: incluíndo sempre que sexa posible temas transversais de contido cívico que leven

á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do seu corpo, a convivencia axeitada, o respecto e conservación da natureza...

- Atenderá á diversidade: tendo presentes os diferentes ritmos de aprendizaxe, as características evolutivas e os intereses particulares, deseñaranse as dinámicas precisas para respectalos na maior medida posible.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos: fichas, revistas...
Materiais tecnolóxicos: ordenador, PDI, Ipads, robot educativo.
Recursos dixitais: páxinas web, videos educativos, fotografías...

Nesta materia non contamos con libro de texto polo que empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial levarase a cabo no mes de setembro, pero non nas primeiras sesións do curso xa que estas empregaranse para coñecer ao alumnado, as normas da clase, a forma de traballar...e así, pouco a pouco, que se vai acostumando ao cambio de etapa educativa.

O obxectivo da avaliación inicial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de ciencias da natureza. Para levala a cabo empregaranse fichas individuais, preguntas orais... A maiores tamén se revisará o expediente de Ed. Infantil de cada alumno/a para aportar máis información.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de dificultades e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	15	15	20	20	10	100
Proba escrita	60	20	55	40	50	30	44
Táboa de indicadores	40	80	45	60	50	70	56

Criterios de cualificación:

Para a avaliación de cada unidade didáctica teranse en conta os criterios de cualificación establecidos no apartado 3.3. É de especial importancia sinalar que debido á idade do alumnado e a súa recente incorporación á etapa de Ed. Primaria, o resultado da avaliación terá moi en conta o traballo diario dos nenos/as, a actitude ante o mesmo, o esforzo, o comportamento... e todas aquelas características que os alumnos/as deben ir adquirindo para chegar a ser estudantes autónomos e competentes.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraeráse da media ponderada obtida entre as cualificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre, pero sempre dándolle un peso importante ás características arriba mencionadas. Deste xeito podemos deixar recollido que as unidades didácticas terán un peso do 70% e o 30% restante será para os demais factores.

A nota ordinaria será a media ponderada dos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñeráse en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo e o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria.

Tamén se manterá unha reunión informativa coa familia para propoñerlle actividades de reforzo.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñeráse especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Para levar a cabo unha atención á diversidade o máis eficiente posible seguiranse estes pasos:

En primeiro lugar, realizarase unha atención o máis individualizada posible por parte do titor/a dentro da aula, para quen o precise, intentando que deste xeito o alumno/a se adapte ao ritmo de aprendizaxe do resto do grupo, utilizando todas aquelas estratexias que o titor/a crea necesarias, e tendo en conta as suxestións que dende o departamento de orientación se aporten.

En segundo lugar, de non ser efectiva a medida anterior, proporase aos alumnos que o necesiten para que reciban reforzo educativo dentro da aula coa axuda doutro profesor de apoio que entrará na aula para completar e axudar ao titor/a. Dada a ratio elevada da clase para a cal se elabora a esta programación didáctica e os casos NEAE xa detectados, contaremos con 6 horas de apoio por parte de mestres con dispoñibilidade horaria.

Por último, os casos máis preocupantes proporáse para que sexan revisados e se lle faga un seguimento pola orientadora do centro, previa autorización familiar e desa forma poder crear as estratexias de intervención adecuadas, das que se informará puntualmente ás familias. De ser o caso, manterase con estas familias unha

relación de comunicación estreita coa finalidade de realizar estratexias conxuntas e levar a cabo un seguimento avaliativo máis continuo.

Sempre que se contemple a necesidade de que o alumno/a teña que abandonar a aula para recibir unha atención diferenciada á do resto do grupo, na aula as actividades realizadas polos seus compañeiros/as non suporán un avance significativo de contidos e, polo tanto, unha perda engadida de ritmo para o alumno/a que sae.

En todo momento haberá unha comunicación continua entre o titor/a e os especialistas para ir integrando no proceso educativo as necesidades e avances que se vaian producindo.

Co fin de atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe, contarase na aula con actividades de ampliación diversas:

- Biblioteca.

- Zona de xogos (xogos de mesa, manualidades, construcións....)

- Fichas de ampliación (sudokus, sopas de letras, búsqueda de diferencias...)

Igualmente, aqueles alumnos e alumnas que teñan máis dificultades, realizarán actividades de reforzo na casa (previa información ás familias). Poderanse realizar adaptacións de actividades e tempos co fin de facilitar a aprendizaxe de determinados alumnos.

Por último sinalar que se contará co apoio da mestra de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe para ao alumnado NEAE.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación emocional.	X	X				
ET.4 - Educación para a paz: prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde.		X				
ET.7 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X				X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Educación ambiental.			X	X	X	

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As Ciencias da Natureza serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área. É por iso que a maioría dos contidos transversais se traballarán ao longo de todas as unidades, e outros serán máis específicos dalgunhas delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos e traballaremos sobre as plantas e os animais.		X	X
Obradoiros	Participaremos no proxecto MUSE no cal a través da arte dramática expresaremos as nosas emocións. Será un obradoiro que se levará a cabo ao longo de 6 sesións. Tamén assistiremos a unha formación sobre primeiros auxilios impartida pola Cruz Vermella.	X		
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller...	X	X	X

Observacións:

Como parte do proceso educativo e do desenvolvemento integral das distintas dimensións da personalidade do alumnado, dende o centro propoñeranse actividades complementarias para conmemorar as datas sinaladas no calendario escolar. Tendo en conta o proxecto de centro que se vai a levar a cabo para este curso 2023-2024 relacionado coa reciclaxe e a contaminación, as actividades terán como fío condutor esta temática.

Aínda que non aparezan programadas, poderanse realizar todas aquelas que xurdan ao longo do curso e o equipo de profesores/as considere de interese pedagóxico, sempre seguindo os requisitos legais para a súa realización.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A actividades realizadas foron motivadoras e de proveito para o alumnado?
Traballáronse os elementos transversais plantexados?

Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada cumpriu todos os aspectos recollidos na programación: motivadora, cooperativa...?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos naturais próximos ao centro?
Fíxose uso dos recursos dispoñible no centro: aula TIC, biblioteca...?
Medidas de atención á diversidade
Adaptáronse as tarefas e os tempos aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao alumnado NEAE?
Clima de traballo na aula
O alumnado cooperou e axudouse?
O alumnado resolveu os seus conflitos de forma pacífica?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Esta avaliación da práctica docente levarase a cabo ao finalizar cada trimestre e tamén ao remate de cada unidade didáctica, valorando os aspectos positivos e negativos da mesma así como os cambios introducidos (isto quedará reflexado no apartado de seguimento de Proens).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Disto quedará constancia no apartado "seguimento" da aplicación Proens.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados